

NOTA DE PRENSA

Os XVIII Premios María Casares xa teñen gañadores

‘Eurozone’ leva catro premios incluíndo o de espectáculo, ‘As do peixe’ faise con tres, ‘Bye Bye Honey’, leva dous, e A charca inútil, C’esta la vie, Waltz e As mil vidas de Matías Houseman, un galardón cada unha delas

Mércores 27 de marzo.- Os XVIII Premios María Casares xa teñen gañadores. O Teatro Rosalía Castro da Coruña vén de acoller esta noite unha cerimonia de entrega na que un total de 11 producións teatrais competían nas trece categorías nas que se dividen os galardóns do teatro, organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG). Á gala, que se retransmite en diferido pola Televisión de Galicia acudiron máis de 550 convidados, entre profesionais do sector, asociados, xornalistas e convidados en xeral. Todos eles asistiron ao espectáculo ideado pola compañía Ibuprofeno, que este ano transformou a gala nun furancho. Marián Bañobre e Isabel Risco presentaron a gala, dirixida por Santiago Cortegoso.

Ao longo da noite déronse a coñecer os gañadores dos Premios María Casares de Teatro deste ano. RESULTADOS:

EUROZONE: (4) Mellor Iluminación, (Fidel Vázquez)
escenografía, (Chévere—Javier Domingo Ballestín)
actriz secundaria (Patricia Lorenzo)
espectáculo (Eurozone)

As do Peixe: (3) mellor texto orixinal (Cándido Pazó)
Mellor actriz protagonista (Susana Dans)
Mellor dirección. (Cristina Domínguez)

Bye Bye Honey: (2) Música orixinal (Carlos Mosquera ‘Mos’)
actor secundario (César Goldi)

A Charca Inútil (1): mellor adaptación-tradución (Xosé Manuel Pazos Varela)

Walt (1): mellor vestiario (Uxía P. Vaello)

C’EST LA VIE: (1) Mellor Maquillaxe (Trini Silva)

As mil vidas de Matias Houseman (1): Mellor actor protagonista (Josito Porto)



DISCURSO DO PRESIDENTE

O presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), Avelino González, comezou o seu discurso cos agradecementos aos patrocinadores e colaboradores da gala (Consellería de Cultura e Educación, a través da Agadic, Concello da Coruña, Fundación SGAE, Fundación AISGE, Gadisa, Superbock, Padroado de Cultura de Narón, Emsac, o equipo Teatro Rosalía Castro, o Centro Dramático Galego, Trevisani e a TVG). Acto seguido agradeceulle a profesión escénica o seu esforzo nestes tempos. “Dámosvos as grazas a to@s por facer teatro, tod@s vós mantedes os teatros abertos. Agardamos coincidir con tod@s nos escenarios este ano, o que vén e o seguinte, todos os anos”, sinalou Avelino González antes de dirixir o seu discurso cara “ao público, á cidadanía, á sociedade.” “Ninguén nos pode reprochar que os vosos sonhos e os vosos problemas son as nosas fontes de inspiración. Collemos esa inspiración para devolvedvos arte”, sentenciou o presidente da AAAG antes de brindar polo público.

MANIFESTO E PREMIO DE HONRA

O Premio de Honra Marisa Soto homenaxeou a Xosé Manuel Olveira Pico, falecido o ano pasado. A ovación, con todo o público en pé, amosou unha vez máis que Pico era un dos actores máis queridos, tanto polo público como polos compañeiros de profesión. A Xunta Directiva da AAAG subiu ao escenario para entregarlle o galardón ao fillo do intérprete, Pablo Olveira.

Pola súa banda, o xornalista Camilo Franco leu o Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro. No seu texto, destacou que o teatro “é unha arma de organización masiva” contra os problemas do mundo. Ademais, o tamén crítico teatral subliñou que a escena é “un espello para decatarnos de que somos moi malos: querémonos mal e matámonos moi ben”. Dadas as circunstancias da actualidade, asegura, “o teatro debe poñer o mundo a andar”.

Gañadores por Categorías

MELLOR MAQUILLAXE

Trini Silva**C’est la vie****Matrioshka Teatro**

MELLOR VESTIARIO

Uxía P. Vaello**Watz****Voadora**

MELLOR ILUMINACIÓN

Fidel Vázquez**Eurozone****Chévere**

MELLOR MÚSICA ORIXINAL

Carlos Mosquera ‘Mos’**Bye BYe Honey****Obras Públicas**

MELLOR ADAPTACIÓN-TRADUCIÓN



Xosé Manuel Pazos Varela	A Charca Inútil	Teatro do Atlántico
--------------------------	-----------------	---------------------

MELLOR TEXTO ORIXINAL

Cándido Pazó	As do peixe	Abrapalabra
--------------	-------------	-------------

MELLOR ESCENOGRAFÍA

Javier Domingo Ballestín- Chévere	Eurozone	Chévere
--------------------------------------	----------	---------

MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA

Patricia de Lorenzo	EUROZONE	CHÉVERE
---------------------	----------	---------

MELLOR ACTOR SECUNDARIO

César Goldi	Bye Bye Honey	Obras Públicas-Abrapalabra
-------------	---------------	----------------------------

MELLOR ACTRIZ PROTAGONISTA

Susana Dans	As do peixe	Abrapalabra
-------------	-------------	-------------

MELLOR ACTOR PROTAGONISTA

Josito Porto	As mil vidas de Matías Houseman	Teatro de Adro
--------------	------------------------------------	----------------

MELLOR DIRECCIÓN

Cristina Domínguez	As do Peixe	Abrapalabra
--------------------	-------------	-------------

MELLOR ESPECTÁCULO

Eurozone	Chévere	
----------	---------	--